



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Eva Solla Fernández, Antón Sánchez García, Juan M. Fajardo Recouso e Xosé M. Beiras Torrado**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, en prol da **dotación de persoal administrativo para os colexios sen que supoña recortar a dos institutos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten que rectificar o seu mandato ao respecto da recolocación do persoal administrativo dos centros de ensino, pois esta medida non resolve as carencias de persoal, senón que traslada problemas de falla de recursos dende os colexios de infantil e primaria aos institutos de secundaria.

Ante a reclamación de dotación administrativa dos CEIP para descargar ao profesorado do traballo burocrático, a solución non pode ser outra que afrontar a necesidade dunha creación de prazas á altura das necesidades. En todo momento apoiamos aos CEIP que levan anos esixindo a creación de prazas de administrativo que liberen de carga de traballo aos equipos directivos dos centros, pero non podemos apoiar unha solución da Consellería que só compromete dotación pra 139 dos 571 CEIP de Galicia, co que apenas unha

cuarta parte dos centros terán minimamente cuberto este servizo, e no que para máis inri, unha terceira parte do novo persoal asignado aos CEIPS se trasladaría dende os institutos, multiplicando as carencias destes, espindo un santo para vestir a outro. Dende AGE non podemos facer outra cousa que censurar a decisión da Consellería, poñéndonos do lado dos institutos que están a protestar ante os recortes de persoal e poñéndonos do lado dos colexios que atopan a proposta insuficiente, pois mantén ao 75% dos CEIP desasistidos.

Moitos dos centros xa elevaron as súas protestas por esta pésima decisión e os eivados criterios aos que se acode para xustificar os recortes de persoal nos IES para dotar aos CEIPS. Os criterios son errados, como o é calquera enfoque que asuma que sobra persoal nos institutos. O número de alumnos non pode ser o criterio principal ao que fiarse para discriminar entre centros que precisan un administrativo ou dous. Como é posible que non se teña en conta se un instituto imparte ciclos formativos ou ensinos nocturnos? Pode un centro que imparte Secundaria, ou seis modalidades de bacharelato e un ciclo formativo de grao superior funcionar cunha soa persoa a cargo de todo o traballo burocrático? Aínda nos centros cuxa matrícula non acada os 350 alumnos, a carga non é pequena, coa recollida e tramitación das reservas de praza, as posibles reclamacións derivadas do proceso, cubrir os expedientes ou os trámites do comedor. Pretender que un só administrativo asuma a atención en portelo e todas e cada unha das tramitacións que esixe o funcionamento dun instituto de tamaño medio é non coñecer como funcionan os centros.

Por todo isto pedimos que pisen terra, que asuman que é necesario dedicar máis persoal á educación, que apostemos pola educación pública e non aceptemos nin un recorte máis para os institutos, nin un desprezo máis para os colexios.

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Adoptar as medidas necesarias para que a dotación de persoal administrativo dos CEIP se realice mediante a creación de novas prazas no lugar de subtraer persoal dos IES.

2.- Prover dunha solución administrativa aos CEIP que non acadan os 350 alumnos pero que solicitan un reforzo administrativo.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 10/05/2016 11:00:43

Ramón Vázquez Díaz na data 10/05/2016 11:00:54

Eva Solla Fernández na data 10/05/2016 11:01:00

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 10/05/2016 11:01:07

Anton Sánchez García na data 10/05/2016 11:01:13

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 10/05/2016 11:01:20